



CONCURSO ESPECÍFICO DE ORIENTACIÓN 2018

PRAZOS:

PARTICIPACIÓN: O prazo de participación será posterior ao remate do prazo do CXT (27 de novembro).

RESOLUCIÓN PROVISIONAL: Coincidirá coa resolución provisional do CXT.

RESOLUCIÓN DEFINITIVA: Quen obteña praza en Orientación decae do CXT e a súa praza será ofertada como resulta na propia resolución definitiva do CXT

Aproveitando a negociación desta orde trasladamos á nova conselleira de Educación as demandas que a **CIG-Ensino** vén defendendo na Mesa ao respecto da necesidade de reforzar a orientación e a atención á diversidade.

Somos contrarios ao incremento da compartición de centros

que se está a dar na orientación e que xa comezou neste ano coas prazas de PT e AL.

Reforzar a atención ao alumnado con NEAE implica dotar con máis profesionais estes servizos, non en aproveitar as mesmas persoas para varios centros.

Levamos anos agardando polo Godot da Consellaría de Educación: **o mapa de orientación**

en Galiza. Sabemos que as excusas dun suposto estudo foron unha farsa. **Nada se fixo, nada se fai e cada ano vaise improvisando sen que a rede actual responda a unha plan detallado e negociado.**

Demandamos un ano máis que todos os centros de máis de 6 unidades

teñan orientación a tempo

total. A Consellaría mantén unha interpretación restritiva ao computar unicamente unidades de Educación Primaria, sen ter en conta as de Infantil, e amplía a compartición máis alá do que regula o Decreto 120/1998: ser centro incompleto e estar na mesma zona de escolarización.

A CIG-Ensino
demanda a negociación
da Rede Galega de
Orientación e atención á
diversidade.

Nas prazas de **orientación compartidas** a Consellaría cumpre na teoría coa demanda da CIG-Ensino de que só se comparta un centro mais a acumulación nalgúns casos de varios centros adscritos impide a atención e o servizo que demandan os centros.

Instamos á Consellaría a abrir unha negociación global sobre as prazas orientación para fixar con carácter permanente os criterios para dotar dunha praza de orientación a tempo completo e compartida, en base a unidades, número de alumnado total e distancia entre centros. Para a CIG-Ensino a suma de unidades cando se comparten centros ten que ser inferior ás unidades para unha praza a tempo total, agás casos excepcionais de centros rurais con moi pouca matrícula que se deben negociar.

Vacantes

A incorporación de moitas prazas reclamadas pola CIG-Ensino no curso pasado lévanos a unha situación moi diferente este curso, que nos gustaría que se estendes a todo tipo de prazas e concursos. Aínda así,

botamos de menos 37 prazas, ou cando menos solicitamos aclaracións da Dirección Xeral para que non se oferten. [A Consellaría vai revisar as nosas achegas antes de publicar a orde no DOG.](#)

Igualmente cremos que faltan bastantes prazas que deben ser incluídas como posíbeis **resultas**. [A Consellaría solicita que remitamos a listaxe para revisalas.](#)

Reclamamos, por tanto, que se revisen as **propostas da CIG-Ensino de novas prazas e resultados** para a súa posíbel incorporación na publicación no DOG da convocatoria.

Baremo

A CIG-Ensino é partidaria de que as titulacións que se fixan como dereito preferente (psicopedagogía, psicoloxía, pedagogía,...) sexan requisito e non mérito. Seguimos a demandar a modificación do Decreto.

Reclamamos **que se elimine ou reduza a puntuación subxectiva ou que cando menos se eliminen discriminacións para o profesorado. Isto**

podería facerse neste concurso específico, en que non teñen por que manterse determinados apartados do CXT.

Hai dous exemplos que queremos salientar:

*O tope de puntuación para outras funcións

docentes: o baremo actual premia a función directiva sobre as demais responsabilidades e cargos ao limitar estas a 5 puntos cando o tope do apartado chega a 20. Se a Consellaría mantén a negativa a mudar esas puntuacións propomos que se elimine

A CIG-ENSINO reclama a incorporación de 37 prazas non ofertadas e que están cubertas con destinos provisionais

o tope para o apartado 4.3. Deste xeito ten máis valor ocupar a dirección dun centro que estar moitos anos na xefatura de departamento de Orientación dun centro. **Non aceptan a nosa proposta.**

- * A puntuación de postos na administración: pedimos que se elimine. **Non se acepta.**
- * Novidade: estamos en desacordo co incremento de 0,25 a 0,5 puntos por actuar como membro dun tribunal que por sorpresa a Consellaría incluíu no texto final do CXT e que non estaba no borrador. Solicitamos que se manteña a puntuación de 0,25 nesta convocatoria e que só se estenda a quen foi nomeado por sorteo. **A Consellaría confirma que a decisión adoptouse en Madrid e que a aceptan sen máis tamén nesta convocatoria Hai apartados que, como vimos dicindo todos os anos, están de máis neste concurso no que só pode**

participar profesorado do corpos de mestres:

- * Apartado 1.2.3.: antigüidade en corpos de subgrupo inferior: non existe.
- * Apartado 2: corpo de catedráticos, nin existe o caso nin ten sentido.

A pesar da incoherencia que supón a Consellaría non vai modificar o baremo.



**Orientación
educativa**

OS NOSOS LOCAIS

SANTIAGO (Local Nacional)
Rúa Miguel Ferro Caaveiro 10
15706 Santiago de Compostela
☎ 981 57 68 00 / Fax 981 575 839
santiago@cig-ensino.gal

A CORUÑA
Rúa Alfonso Molina s/n
15007 A Coruña
☎ 981 169 810 / Fax 981 291 735
acorunha@cig-ensino.gal

BAIXO MIÑO
Praza da Guía 3, Baixo
36780 A Guarda
☎ 986 610 465 / Fax 986 610 465
baixomiño@cig-ensino.gal

MORRAZO
Rúa Atranco 19a, Entrechán 1
36947 Cangas
☎ 986 302 987 / Fax 986 302 987
morrazo@cig-ensino.gal

FERROL
Rúa Eduardo Pondal 41-43
15403 Ferrol
☎ 981 358 750 / Fax 981 358 760
ferrol@cig-ensino.gal

LUGO
Ronda da Muralla 58, Baixo
27003 Lugo
☎ 982 245 023 / Fax 982 2453 891
lugo@cig-ensino.gal

OURENSE
Parque de San Lázaro 12, 4º
32003 Ourense
☎ 988 238 350 / Fax 988 222 855
ourense@cig-ensino.gal

PONTEVEDRA
Rúa Pasantería 1, 2º Esquerda
36002 Pontevedra
☎ 986 861 513 / Fax 986 855 050
pontevedra@cig-ensino.gal

A MARIÑA
Avenida de Galicia 20, 1º
27700 Ribadeo
☎ 982 129 593 / Fax 982 129 593
amarinha@cig-ensino.gal

VAL DE MONTERREI
Rúa Pedro González 5, 1º
32600 Verín
☎ 988 412 345 / Fax 986 411 013
verin@cig-ensino.gal

VIGO
Rúa Gregorio Espino 47, Baixo
36205 Vigo
☎ 986 827 935 / Fax 986 262 844
vigo@cig-ensino.gal

SALNÉS
Rúa Alexandre Bóveda 2, 2º
36600 Vilagarcía
☎ 986 505 323 / Fax 986 505 323
salnes@cig-ensino.gal

DOCUMENTO REMITIDO POLA CIG-ENSINO Á DIRECCIÓN XERAL.

Prazas cubertas con destino provisional e que a CIG-Ensino reclama sexan incorporadas como vacantes ou que se xustifique a súa non incorporación.

Código	Provincia	Concello	Localidade	Denominación	DO	OC
15001367	A Coruña	Boiro	Abanqueiro	CEIP Plurilingüe de Abanqueiro	0	1
15002578	A Coruña	Carballo	Carballo	CEIP Fogar	1	0
15021536	A Coruña	Coruña (A)	A Coruña	CEIP Víctor López Seoane	0	1
15020982	A Coruña	Fene	Barallobre	CEIP O Ramo	0	1
15009081	A Coruña	Moeche	San Xurxo	CEIP de San Ramón	0	1
15009998	A Coruña	Muros	Serres	CEIP Ramón de Artaza y Malvárez	1	0
15023508	A Coruña	Narón	San Xiao	CEIP Virxe do Mar	0	1
15010307	A Coruña	Neda	Neda	CEIP San Isidro	0	1
15027551	A Coruña	Rianxo	Rianxo	CRA de Rianxo	1	0
15027332	A Coruña	Santiago de Compostela	Santiago de Compostela	CEIP das Fontiñas	1	0
15016012	A Coruña	Santiago de Compostela	Santiago de Compostela	CEIP Plurilingüe Cardeal Quiroga Palacios	1	0
27014665	Lugo	Lugo	Lugo	CEIP Luis Pimentel	1	0
36000375	Pontevedra	Bueu	Cela	CEIP da Torre-Cela	0	1
36018975	Pontevedra	Cangas	Coiro	CEIP A Rúa	1	0
36001690	Pontevedra	Covelo	Covelo	CEIP Antonio Blanco Rodríguez	0	1
36014866	Pontevedra	Estrada (A)	San Xurxo de Veá	CEIP Manuel Villar Paramá	0	1
36018631	Pontevedra	Gondomar	Peitieiros	CEIP Xosé Neira Vilas	1	0
36014672	Pontevedra	Gondomar	Vincios	CEIP Serra-Vincios	1	0
36015135	Pontevedra	Guarda (A)	Salcidos	CEIP A Sangriña	0	1
36019441	Pontevedra	Mos	Petelos	CEIP de Petelos	0	1
36005555	Pontevedra	Neves (As)	As Neves	CEIP Marquesa do Pazo da Mercé	1	0
36016620	Pontevedra	Nigrán	Camos	CEIP da Cruz	0	1
36006195	Pontevedra	Pontevedra	Lourizan	CEIP A Carballeira	0	1
36006420	Pontevedra	Pontevedra	Pontevedra	CEIP Campolongo	1	0
36006833	Pontevedra	Pontevedra	Salcedo	CEIP San Martiño	0	1
36014881	Pontevedra	Redondela	Chapela	CEIP Alexandre Bóveda	0	1
36014817	Pontevedra	Redondela	Chapela	CEIP da Igrexa-Chapela	0	1
36019104	Pontevedra	Sanxenxo	Nantes	CEIP Nantes	0	1
36009032	Pontevedra	Silleda	Manduas	CEIP Ramón de Valenzuela	0	1
36010083	Pontevedra	Vigo	Cabral	CEIP Carballal-Cabral	0	1
36010204	Pontevedra	Vigo	Comesaña	CEIP Párroco Don Camilo	0	1
36010472	Pontevedra	Vigo	Oia	CEIP Ría de Vigo	0	1
36010666	Pontevedra	Vigo	Teis	CEIP San Salvador	0	1
36015810	Pontevedra	Vigo	Valadares	CEIP Sobreira-Valadares	1	0
36010162	Pontevedra	Vigo	Vigo	CEIP A Canicouva	1	0
36010538	Pontevedra	Vigo	Vigo	CEIP Lope de Vega	1	0
36012183	Pontevedra	Vila de Cruces	As Cruces	CEIP Nosa Señora da Piedade	0	1
36012407	Pontevedra	Vilagarcía de Arousa	Vilagarcía	CEIP A Lomba	1	0